

**XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE**  
**(1906-1996)**

*NOTAS BIOGRÁFICAS (\*)*

**1906**

Nace en Pontevedra, o 28 de outubro, nunha casa situada na praza do Peirao (hoxe nº 49 da rúa Arcebispo Malvar). Será, ata o seu falecemento, a súa única residencia na cidade. Bautizouse na igrexa de Santa María a Maior. Impuxéronlle os nomes de José, Fernando, Enrique e Ramón María del Pilar. Foron os seus pais José María Filgueira Martínez, natural de Mourente (Pontevedra), nacido en 1871, médico de prestixio, e María Araceli Valverde Yaquero, natural de Ugíjar (Granada), nacida en 1870, outrora monxa, da Orde das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl. Contraeran matrimonio en Madrid o 20 de maio de 1903. Tivo como padriños ao tamén eminente médico pontevedrés Enrique López de la Ballina e a Josefa Jalón Rey, viúva de Augusto González Besada.

**1913**

Recibe a primeira comunión na igrexa parroquial de San Bartolomeu.

**1917**

Comeza con brillantez os estudos de bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra, matriculándose inicialmente (convocatoria de xuño de 1917) por libre (ensino non oficial non colexiado). A partir do curso 1917-1918, e ata a súa terminación no 1921-1922, será xa alumno oficial. No Instituto terá como profesores a figuras tan destacadas, claves na súa formación e desenvolvemento intelectual, como Ernesto Caballero, Ramón Sobrino, Antón Losada Diéguez ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, os dous últimos, entre outros, promotores dunha "Xuntanza de Estudos Galegos" (1922), precursora de iniciativas tan emblemáticas e nas que tan activa, decidida e decisivamente participou Filgueira, como o Seminario de Estudos Galegos ou o Museo de Pontevedra.

**1922**

Empeza na Universidade de Santiago de Compostela a carreira de Filosofía e Letras.

**1923**

O 23 de xaneiro, en *Renovación*, unha revista escolar compostelá, publica o seu primeiro artigo. Está dedicado a Xelmírez, personaxe polo que sentiu unha especial predilección e sobre o cal escribirá repetidamente ao longo da súa vida. Neste ano, tamén na Universidade de

Santiago, principia a carreira de Dereito, para a cal servía de preparación o curso inicial de Filosofía e Letras. Dende entón estudará as dúas carreiras simultaneamente.

Participa moi activamente, xunto cun grupo de mozos universitarios, no proceso fundacional, culminado o 12 de outubro, do Seminario de Estudos Galegos, organismo, clave na Galicia do século XX, do que haberá de ser unha das súas principais figuras. Dá idea do seu interese e compromiso o feito de que, tras o Presidente, o seu mestre Armando Cotarelo Valledor, será o primeiro en ler o seu discurso de ingreso no Seminario. Titulouse "Festas composteláns na canonización de San Pío V" (publicarao en 1929 na Revista do Organismo) e o acto tivo lugar o 3 de novembro.

## 1924

Publica, co título xenérico de "Nuevos documentos para la historia del patronato jacobeo", o seu primeiro artigo no *Boletín da Real Academia Galega*.

## 1925

Edita en Pontevedra, na Imprenta Antúnez, promovida pola Editorial Lar e con ilustracións de Luís Pintos Fonseca, *Os nenos*, a súa primeira obra de creación literaria. É tamén a primeira publicación auspiciada polo Seminario de Estudos Galegos. Ve a luz neste ano así mesmo o seu primeiro estudo sobre lírica medieval, campo no que haberá de ser unha das maiores autoridades. Titulado "Cantigas de El Rei Sabio localizadas na Galicia. San Ero de Armenteira", foi publicado nos números 21 e 22 da Revista *Nós*.

É nomeado Correspondente da Real Academia Galega, iniciando neste ano tamén a súa relación, que non abandonará ata a súa morte, coa Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra, presentada publicamente na cidade o 9 de abril, Xoves Santo, nun concerto celebrado na igrexa de San Francisco.

## 1926

Comeza a publicación en *El Pueblo Gallego*, en colaboración con Tobío, Magariños Negreira e Cordal, dun *Vocabulario popular galego – castelán*, unha iniciativa promovida polo Seminario de Estudos Galegos, institución que no verán leva a cabo a súa primeira "xeira", isto é, unha excursión de estudo, ás terras de Monforte de Lemos. Filgueira forma parte do grupo de investigadores.

## 1927

Licénciase en Filosofía e Letras, Sección Ciencias Históricas, na Universidade de Zaragoza. Publica na Coruña, na Editorial Lar, *O vigairo*, a súa segunda e moi recoñecida obra de creación literaria. No Tomo I de *Arquivos*, a Revista do Seminario de Estudos Galegos, aparece o seu artigo pioneiro "A festa dos maios. Papeletas de folklore galego".

Participa nas campañas de estudo de diversos monumentos galegos, dirixidas durante os veráns deste ano e do seguinte por Manuel Gómez Moreno, promovidas pola Comisión de Estudos en Galicia da "Junta para Ampliación de Estudios", institución coa que o Seminario mantivo unha moi estreita relación de colaboración. Intervén, tamén moi activamente, nas reunións que propiciarán a creación, o 30 de decembro e por iniciativa da Deputación Provincial, do Museo de Pontevedra.

## 1928

Conclúe os seus estudos de Dereito na Universidade de Santiago, obtendo a cualificación de Premio Extraordinario tras aprobar o 19 de setembro os exames de grao. Supera o primeiro curso de inglés no Instituto Oficial de Idiomas de Santiago. É nomeado axudante interino da Sección de Letras do Instituto de Pontevedra e tamén secretario da Xunta Provincial de Pontevedra do Patronato Nacional de Turismo.

Pon en marcha no Seminario de Estudos Galegos unha das súas máis ambiciosas iniciativas: a Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia. Comeza neste ano tamén, canda outros compañeiros pertencentes ao mesmo Organismo, as tarefas de recollida de información sobre o terreo para a elaboración do estudo multidisciplinar sobre *Terra de Deza*, un traballo, finalmente inédito, ao que se dedicará durante varios anos. Publica en *Diario de Pontevedra*, en tres entregas, o seu primeiro estudo sobre a Fonte da Ferrería.

## 1929

É nomeado secretario do Patronato fundacional do Museo de Pontevedra, constituído oficialmente o 30 de xaneiro. Presidido por Daniel de la Sota, presidente da Deputación Provincial, estaba composto por Casto Sampedro, director, Sánchez Cantón, Juan Argenti, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Gerardo Álvarez Limeses, vicedirector, José Millán, Raimundo Riestra, Antonio Losada Diéguez e Enrique López de la Ballina. O Museo será, sen dúbida, a iniciativa de máis empeño da longa vida de Filgueira. A el, en postos e cometidos diferentes, estará vinculado durante o resto da súa vida.

Neste ano participa no Congreso Internacional de Historia de España celebrado en Barcelona e solicítalle á "Junta para Ampliación de Estudios" unha bolsa, que non consta que lla concederan, para estudar a arte románica portuguesa. Publica en *Nós*, froito das súas viaxes con Manuel Gómez Moreno, un artigo titulado "A eirexa prerrománica de Francelos", o seu primeiro estudo de entidade sobre un monumento galego.

## 1930

É nomeado, con carácter interino, en comisión e gratuíto, arquivero da Delegación de Facenda de Pontevedra, da Biblioteca Provincial e do Instituto de Segunda Ensinanza, cargos nos que cesará en 1931. Matricúlase, seguramente para iniciar os trámites que o levarán a defender nela a súa tese de doutoramento, na Universidade de Madrid, e figura como domicilio nesta cidade na ficha que cubre para a confección da súa tarxeta de identidade como alumno, o piso 1º esquerda do número 36 da rúa Marqués de Urquijo.

Publica, en colaboración con José Ramón y Fernández Oxea, o seu esclarecedor traballo sobre “O baldaquino en Galicia denantes do arte barroco”, incluído no nº V da Revista *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*.

## 1931

Comeza a desenvolver unha moi intensa actividade política tanto en Pontevedra, onde é elixido secretario de Labor Galeguista, como noutros puntos de Galicia, singularmente en Santiago. Téñase en conta, a este respecto, que na Asemblea Constituínte do Partido Galeguista, celebrada en Pontevedra os días 5 e 6 de decembro, foi elixido secretario técnico, cargo que desempeñará durante máis de dous anos.

Centran boa parte da súa actividade política este ano as discusións sobre a redacción do anteproxecto do Estatuto de Galicia. Neste contexto de efervescencia política e pola súa transcendencia futura, deixando a un lado que o seu ámbito de referencia fose o español, resulta moi elocuente atopar a súa sinatura, xunto á de personalidades da talla de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Paulino Pedret, Ramón Cabanillas, Antonio Iglesias Vilarelle, Claudio Losada ou Antonio Taboada Roca, nun manifesto difundido o 25 de outubro titulado *Afirmación católica d'un Grupo de Nacionalistas*. Practicamente todos estaban relacionados con *Logos*, o *Boletín Católico Mensual* que dende xaneiro, con Filgueira como un dos seus ideólogos, se publicaba en Pontevedra.

Pronuncia este ano, no Instituto de Pontevedra, unha conferencia memorable: "La lengua materna y el idioma nacional: aplicación de la lengua materna a la enseñanza. Novidosa no seu tempo (a formulación, convén recordalo, xa a difundira no século XVIII frei Martín Sarmiento, personalidade pola que Filgueira sentiu verdadeira devoción), defenderá a pertinencia desa posición en numerosas ocasións e en circunstancias non sempre favorables ao longo da súa vida.

Participa moi directamente, desde agora, na difusión e comercialización do *Álbum Nós*, a excepcional obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao editada en Madrid por iniciativa dun grupo de amigos seus, comandados por Francisco Javier Sánchez Cantón.

Publica este ano a súa afamada *Guía de Pontevedra*, un libro modélico no seu xénero aínda hoxe.

## 1932

Continúa a súa destacada actividade política, participando moi intensamente nas discusións sobre o Estatuto de Galicia e singularmente, como técnico invitado, na Asemblea de Municipios celebrada entre os días 17 e 19 de decembro, en Santiago, na que se aproba o texto final que habería de ser sometido á consulta do pobo galego a través dun plebiscito.

Participa, no seo do Seminario de Estudos Galegos, no relatorio que se ocupa de fixar os criterios que deben conducir á unificación da lingua e a ortografía galegas. É nomeado Correspondente da Real Academia de la Historia.

Publica, dentro da colección "Guías de España", promovida polo Patronato Nacional de Turismo, a correspondente a *Santiago de Compostela*, outra das súas obras de referencia.

### 1933

Prosegue o seu labor político, sendo reelixido secretario de Labor Galeguista en Pontevedra. Continúa tamén a súa destacada actividade no Seminario de Estudos Galegos, onde é nomeado director da sección, agora creada, de Historia da Literatura e encargado do servizo de prensa, cobrando protagonismo así mesmo en relación co proxecto, finalmente frustrado, de creación dun "Patronato da Escola Rural Galega", pensado para propiciar a renovación do sector agrario galego.

Imparte este ano na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, entre os meses de xaneiro e febreiro e no marco das estreitas relacións que esta mantiña daquela co Seminario, un *Curso de Literatura Galega*, o primeiro (quinze conferencias) ditado sobre a materia na Universidade compostelá.

É nomeado encargado de curso, na Cátedra de Literatura, no Instituto de Pontevedra.

Publica no tomo VI de *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* o seu definitivo artigo, repleto de erudición, sobre "A Fonte da Ferrería".

### 1934

Solicita o 3 de febreiro da "Junta para Ampliación de Estudios" unha pensión para analizar en Bélxica e Holanda, durante catro meses, a organización dos seus pequenos museos, un tipo de institucións que foran tomadas como referente no proceso fundacional do Museo de Pontevedra. Seralle concedida esta axuda polo Ministerio de Instrución Pública y Bellas Artes, a proposta da citada Junta, no mes de xullo de 1935, por tres meses e para estudar en Suíza e Holanda. Non chegou a realizar a viaxe.

Participa no XIV Congreso, celebrado en Santiago, da Asociación para el Progreso de las Ciencias. Redacta co seu grande amigo, tamén pontevedrés, Sebastián González García-Paz, a publicación que recompila as actividades e traballos levados a cabo dende a súa fundación polo Seminario de Estudos Galegos. Eles dous e Xesús Carro García asinan este ano a memoria dos traballos realizados, no campo da arqueoloxía relixiosa, para o proxecto multidisciplinar do Seminario sobre *Terra de Deza*, iniciado seis anos atrás. Intervén de xeito moi directo na homenaxe póstuma que lle tributan, ao procederse ao traslado das súas cinzas, ao egrexio arcebispo compostelán Manuel Lago González, de quen fora amigo, e ao que lle consagrou un estudo monográfico que se imprime en Pontevedra.

### 1935

É de novo un ano de intensa actividade política, significado, fundamentalmente, pola súa ruptura co Partido Galeguista e a súa incorporación a Dereita Galeguista, cun ideario, conservador, que se recolle nun Manifesto publicado pola Agrupación de Pontevedra o 25 de maio. Serán tamén de gran importancia as iniciativas que acometa na súa calidade de membro

senlleiro do Seminario de Estudos Galegos, entre as que destaca a súa participación na Semana Cultural Galega no Porto (do 31 de marzo ao 6 de abril), no Primeiro Curso de Extensión Escolar, do que foi secretario, celebrado no Instituto de Pontevedra (do 29 de xullo ao 24 de agosto) ou a redacción dunha farsa titulada *Romance de unha fatal ocasión*, ofrecida finalmente como agasallo a Castela por un grupo de eximios membros do organismo. A proposta de maior alcance, con todo, será a posta en marcha dunha antoloxía, en varios volumes (seis), da totalidade da poesía galega. Con esta *Escolma da lírica galega*, como el a titulou, pretendía o Seminario conmemorar o centenario do nacemento, en 1837, de Rosalía de Castro. Só puido iniciar a preparación dos dous volumes dedicados aos poetas contemporáneos, quedando o seu traballo inédito.

No ámbito puramente profesional e académico é un ano, igualmente, de gran brillantez. Gana por oposición, na que tivo como “compañeiros”, entre outros, a Guillermo Díaz-Plaja, José Manuel Blecua ou Antonio Rodríguez-Moñino, a Cátedra de Lingua e Literatura Española do Instituto “Balmes” de Barcelona, dende onde axiña pasa ao de Melilla e de aquí, de inmediato tamén e despois dun concurso de traslado, que lle comunica o 5 de outubro o director deste último centro, ao Instituto de Lugo, no que toma posesión da praza o 8 de novembro.

Finalmente, cómpre lembrar que o 15 de novembro defende na Universidade de Madrid a súa Tese de doutoramento. Dirixida por Armando Cotarelo Valledor, versou sobre *La Cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*. Recibiu a cualificación de Sobresaliente.

## 1936

Continúa a súa actividade política no seo de Dereita Galeguista, centrada tanto en cuestións organizativas (preparación das Asembleas de Lugo, en xuño, e de Vigo, en decembro, esta non celebrada a causa do inicio da Guerra Civil) como de proxección exterior (posición ante o Estatuto, oposición aos partidos integrantes da Fronte Popular). Prosegue tamén a súa intensa dedicación ás tarefas auspiciadas polo Seminario, iniciando a toma de datos para o estudo que habería de dedicarse a *Fisterra*.

É ano, malia o convulso do contexto, de importantes publicacións. Cómpre destacar dous deles de xeito pormenorizado: a súa Tese de doutoramento, editada en Santiago, nos talleres de “El Eco Franciscano”, e a obra teatral para nenos titulada *Agromar*, impresa en Lugo pola Editorial Palacios, publicada co pseudónimo de J. Acuña e con cuberta ilustrada por Manuel Torres.

O levantamento militar do 18 de xullo e o conseguinte inicio da Guerra Civil terá, como non podía ser doutro xeito, unha repercusión moi importante sobre o seu quefacer vital e profesional. O seu impacto, con todo, foi moi diferente do que tiveron que sufrir dende este mesmo verán boa parte dos seus amigos e colegas, asasinados unhas veces, exiliados outras, con frecuencia represaliados, perseguidos... Malia a súa indubidable colaboración co Réxime que daquela empezaba a se configurar, nunca chegaría a ser “tecnicamente, un franquista”, como neste mesmo Catálogo sinala Xesús Alonso Montero.

Á marxe do anterior, é importante apuntar que o dramatismo do contorno non impediu que no último trimestre do ano se publicasen os tres volumes do seu manual de *Lengua y Literatura Española*, escrito en colaboración con Evaristo Correa Calderón.

### 1937

É nomeado vocal da "Junta de Cultura Histórica y del Tesoro Artístico de la Provincia de Lugo", participando tamén moi activamente nos traballos de defensa do patrimonio artístico da zona noroccidental (Asturias, Cantabria, León), coordinados dende Oviedo, do "Servicio Artístico de Vanguardia".

Malia as dificultades, publicou de xeito regular na prensa, particularmente, co pseudónimo de Martín Valerio, en *Azul* de Lugo.

### 1938

Contrae matrimonio en Lugo, o 15 de agosto, con María Teresa Iglesias de Oscáriz, quen será, durante case sesenta anos, ata o seu falecemento en maio de 1995, o seu *alter ego*. O 25 de outubro, en Pontevedra, morre seu pai. Prosegue a súa dedicación ás tarefas de protección e defensa do patrimonio, engadindo agora ás competencias anteriores (as tarefas realizadas no "Servicio Artístico de Vanguardia reportáronlle, con data 22 de xullo, a súa asimilación á graduación de tenente) o nomeamento de "Agente del Servicio de Defensa del Patrimonio Artístico Nacional".

### 1939

O 16 de marzo, en Lugo, nace Araceli, a primeira dos seus cinco fillos. Poucos meses despois, en outubro e con carácter provisional nun principio, trasládase ao Instituto de Pontevedra, onde permanecerá sen solución de continuidade ata a súa xubilación académica en outubro de 1976.

### 1940

Nace Fernando, o seu segundo fillo, o único varón. É nomeado interventor e, despois, xefe de estudos do Instituto de Pontevedra; vogal do "Patronato para el Fomento de las Bibliotecas, Archivos y Museos de la Provincia de Pontevedra"; vogal titular do Tribunal Provincial do Contencioso Administrativo; vicepresidente da Comisión Provincial de Monumentos Histórico-Artísticos de Pontevedra e, o 26 de marzo, director do Museo de Pontevedra, institución de cuxo Patronato era secretario técnico dende 1929 e á que lle dedicará, a partir de agora, o mellor dos seus esforzos e saberes ata a súa morte no ano 1996. Froito da súa presenza será, entre outras iniciativas de indubidable interese, o inicio da programación estable de exposicións temporais, unha das marcas de identidade do Museo de Pontevedra dende ese momento no panorama museístico galego. Titulouse a primeira *Recuerdos gremiales de la fiesta del Corpus*, da que redactou o catálogo. Publícase este ano outro dos seus artigos de referencia: o escrito en colaboración con Sebastián González García-Paz sobre "San Lorenzo de Carboeiro". Aparecido no primeiro tomo de *Archivo Español de Arte*,

entregárase en 1936 para a súa inclusión no número de *Archivo Español de Arte y Arqueología*, cuxa aparición cortou o inicio da Guerra Civil.

## 1941

Recibe, o 31 de xaneiro, o nomeamento de membro numerario da Real Academia Galega, acordado en sesión ordinaria celebrada o 8 de decembro de 1940. Tomou posesión, xunto con outros electos, o 27 de xullo nun acto sen discursos celebrado no Paraninfo da Universidade de Santiago. Haberá que agardar ata 1973 para ver impreso o seu traballo de ingreso nesta real corporación. Titúlouse *Da épica na Galicia medieval*. Deulle a benvida en nome da Academia Ramón Otero Pedrayo.

Pronuncia no Instituto de Pontevedra o discurso de apertura do Curso 1941-1942 sobre “Los viejos estudios de Pontevedra y la fundación de Fray Tomás de Sarria”.

Publica este ano no número 7 da revista *Albor*, editada en Pamplona por Alauda, as súas afamadas *6 canciones de mar “in modo antico”*, obra coa cal, facendo explícitos os seus profundos coñecementos de lírica medieval, se suma ao movemento neotrobadoresco.

## 1942

Obtén con carácter xa definitivo, despois do concurso de traslados, a praza de catedrático de Lingua e Literatura no Instituto de Pontevedra. Nace María Teresa, a súa terceira filla. Comeza a publicarse a Revista do Museo de Pontevedra, editada inicialmente por entregas. Na primeira inclúese o seu artigo “El escultor Cornelis de Holanda en Pontevedra”. Participa moi activamente nas reunións preparatorias, finalmente fracasadas, da edición en Pontevedra dun xornal que se chamaría *El Lérez*. Publica, a partir da colección da Sociedad Arqueológica reunida por Casto Sampedro y Folgar, o *Cancionero Musical de Galicia*, obra de culto tanto para os estudosos como para os intérpretes da música tradicional galega.

## 1943

Intervén persoal e moi activamente nas tarefas preparatorias da creación do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, organismo, promovido polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas, que viña tentar encher o baleiro creado no panorama científico cultural de Galicia pola desaparición do Seminario de Estudos Galegos. É nomeado vogal en Pontevedra da Jefatura Provincial de Defensa Pasiva. Inaugúrase, o 15 de agosto, o Edificio “García Flórez”, o segundo dos inmobles que se incorporaron ao Museo de Pontevedra. Nas súas salas terá un marcado protagonismo o mundo do mar, outro dos seus temas predilectos de investigación e difusión. De entre as publicacións deste ano destacan, por unha banda, o seu estudo da *Primera Crónica General de España* (Clásicos Ebro, Zaragoza) e, por outra, os seus traballos sobre acibeques, en particular os do Museo de Pontevedra, aos que este dedicou unha exposición monográfica da que tamén redactou o catálogo.



## 1944

Asiste, o 15 de febreiro, á reunión na que se constitúe formalmente en Santiago o Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”, facéndose cargo, tras a estruturación do organismo en seccións, da dirección da de Arte. É nomeado director en funcións do Instituto de Pontevedra e presidente do Tribunal Provincial Tutelar de Menores. Publica no número I de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, a revista do instituto homónimo, un artigo sobre “La iconografía de Santiago y el grabado compostelano”, preludio de posteriores e máis destacadas iniciativas neste campo, do que chegará a ser un dos grandes especialistas. Nace María del Pilar, a súa cuarta filla.

## 1945

Recibe notificación oficial, malia emitirse o ditame o ano anterior, da concesión dun dos premios do “Concurso Nacional”, convocado en Murcia pola Academia de Alfonso X el Sabio para conmemorar o VII Centenario da súa reconquista, polo seu estudo sobre *La obra literaria e historiográfica de Alfonso X*.

Concédenlle a "Cruz de Alfonso X el Sabio" ao mérito docente. Comeza a editar en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, preparándoa no Museo de Pontevedra, a “Bibliografía de Galicia”, unha das súas máis ambiciosas iniciativas, daquela pioneira. De entre as súas publicacións cómpre destacar, por unha banda, o seu estudo sobre “El “Planto” en la Historia y en la Literatura Gallega”, incluído na revista citada no parágrafo anterior, e, por outra, o catálogo da exposición, promovida polo Museo de Pontevedra, *Santa María la Mayor, iglesia de los Mareantes*, a súa primeira aproximación global a un monumento sobre o que volverá repetidamente ao longo da súa vida.

## 1946

É nomeado, agora con carácter xa efectivo, director do Instituto de Pontevedra. Publica outro dos seus libros máis coñecidos, *Archivo de Mareantes*, obra, patrocinada polo Instituto Social de la Marina, coa que lles rende tributo ás xentes do mar, tan importantes na historia de Pontevedra. Co libro culminan, á vez, iniciativas promovidas no seu día pola Sociedad Arqueológica e moi en particular polo seu presidente, Casto Sampedro, primeiro director do Museo de Pontevedra, entidade depositaria do esencial de tan valioso conxunto documental. A publicación deste libro será un dos argumentos que xustifiquen que lle concedan o “Premio Virgen del Carmen”. Acométese neste ano, na planta baixa do edificio “García Flórez” do Museo de Pontevedra, a instalación da reconstitución da cámara de oficiais da “Numancia”, a fragata que mandou o almirante pontevedrés D. Casto Méndez Núñez, aínda hoxe unha das salas da institución que máis chaman a atención. O 8 de xuño falece súa nai.

## 1947

Nace Angelines, a quinta e derradeira das súas fillas. Recibe o premio “Pérez Lugín”. Participa nas discusións do anteproxecto da "Ley de Ordenación de la Enseñanza Media", unha iniciativa que non rematará ata a década seguinte. Cómpre mencionar, entre as

publicacións deste ano, o catálogo da exposición, promovida polo Museo de Pontevedra, *Pontevedra, fortaleza arzobispal*.

## 1948

É nomeado vogal do Patronato da Misión Biolóxica de Galicia e conselleiro do Patronato José M<sup>a</sup> Quadrado. No Instituto “Padre Sarmiento” de Estudios Gallegos ponse en marcha a colección "Galicia Histórica", da que lle encomendan o secretariado. O proxecto, con todo, non se materializará ata os anos oitenta mercé ao patrocinio da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Participa na creación da Editorial de los Bibliófilos Gallegos, da que chegará a ser presidente. Concédénlle a Cruz do Mérito Naval de Terceira Clase. De entre as súas publicacións destacan este ano os artigos “Datos y conjeturas para la biografía del Maestro Mateo”, recollido en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, e “Don Quijote y el amor trovadoresco”, aparecido na *Revista de Filología Española*, un e outro de imprescindible consulta aínda hoxe, o catálogo da exposición, primeira das promovidas polo Instituto “Padre Sarmiento” de Estudios Gallegos, *La imprenta compostelana. Libros y folletos hasta 1868*, e, moi en particular, *El Libro de Santiago*, unha síntese da historia da cidade, impresa en Madrid pola Editora Nacional, ilustrada polo seu grande amigo Xosé Sesto.

## 1949

É nomeado Comisario Local de Escavacións Arqueolóxicas, cargo no que cesará dous anos máis tarde; irmán maior da Arquiconfraría do Glorioso Apóstolo Santiago, con sede na catedral compostelá, e membro do Consello Asesor do Patronato Rosalía de Castro, institución, domiciliada na Casa da Matanza, en Padrón (A Coruña), lugar de falecemento da insigne escritora, coa que manterá unha moi estreita relación ao longo da súa vida. Recibe o Premio “Antonio de Nebrija”, instituído polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pola súa obra *La primitiva lírica de Galicia y Portugal*. Unha versión deste traballo, co título “Lírica medieval gallega y portuguesa”, inclúese no vol. I da *Historia General de las Literaturas Hispánicas*, proxecto acometido pola Editorial Barna e publicado en Barcelona. Foi no seu tempo e durante décadas o estudo de referencia sobre a materia. Neste ano redacta tamén o catálogo da exposición que sobre o gravado compostelán promoveu o Instituto “Padre Sarmiento” de Estudios Gallegos e prepara para a Editorial de los Bibliófilos Gallegos a súa edición da *Descripción del Reyno de Galicia* do Licenciado Bartolomé Sagrario de Molina.

## 1950

Dirixe a primeira campaña de escavacións que se realiza na Lanzada (Sanxenxo, Pontevedra), xacemento, cunha importante necrópole de época romana, no que traballará en anos posteriores. Recibe o grao de comendador da Ordem de Instrução Pública de Portugal, país no que este ano desenvolve unha moi destacada actividade (conferencias no Porto, Coimbra e Lisboa, Congreso sobre San Martiño Dumense en Braga). É un dos fundadores en Pontevedra da Cofradía de la Vera Cruz y Misericordia. Publica unha nova *Guía Monumental de Santiago* (Porto y Cía, editores), vendo a luz este ano tamén outra das súas grandes iniciativas: a monografía *Grabados Compostelanos. Iconografía del Apóstol. Grabadores de*

*Compostela. Estampas de tema santiagués*, un proxecto auspiciado conxuntamente polo Museo de Pontevedra e a Calcografía Nacional de Madrid.

## 1951

É nomeado Comisario Provincial de Escavacións de Pontevedra e vogal da Xunta Provincial de Turismo, retomando neste caso unha actividade á que se dedicou intensamente antes da Guerra Civil. Inicia as xestións que haberían de levar á fundación do Coro de Cantores do Instituto, unha máis das moitas iniciativas que farían do Centro, baixo a súa dirección, un referente en España durante esta década. Publica na colección "Obradoiro", promovida pola Editorial de los Bibliófilos Gallegos, a súa monografía sobre *Sargadelos*, durante anos o estudo de referencia sobre a produción de louza deste afamado centro produtor lucense.

## 1952

É nomeado vogal do Patronato José M<sup>a</sup> Quadrado. Segue desenvolvendo unha intensa actividade no Instituto de Pontevedra, promovendo actuacións de carácter moi dispar (Excursión a Portugal, consello de pais de alumnos, etc.). Imparte na Universidade de Santiago, no verán, un curso (sete leccións) sobre "Historia de la Literatura Española". De entre as publicacións deste ano destacan o catálogo da exposición *Serie didáctica de Prehistoria y Arqueología*, unha máis das promovidas polo Museo de Pontevedra, e os artigos sobre "Esmaltes gallegos", incluído na revista portuense *Ourivesaria Portuguesa*, e "Origen y familia de Gregorio Fernández. Estado actual del problema", aparecido na revista madrileña *Las Ciencias*.

## 1953

É nomeado correspondente da Real Academia Española. Participa moi activamente nas sesións do III Congreso Arqueolóxico Nacional, celebrado en Galicia, do que fora nomeado, dous anos antes, vogal da súa Comisión Permanente, a organizadora do evento. Na sesión celebrada o 22 de xullo en Pontevedra desenvolveu o relatorio titulado "La carta arqueológica de la Provincia de Pontevedra", publicada en 1956 tamén como prólogo da obra *Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra*, recollidos por el e Alfredo García Alén, secretario do Museo de Pontevedra, sen dúbida un dos seus máis activos e eficaces colaboradores. No ano que nos ocupa e promovido por Ediciones Galicia, do Centro Galego de Bos Aires, ve a luz o seu coñecido estudo sobre *La Artesanía en Galicia*, un prodixio, visto dende hoxe, de erudición.

## 1954

Accede en propiedade, despois do concurso público, ao posto de director do Museo de Pontevedra. Viaxa cos alumnos do Instituto a Londres e polo Camiño Francés. Publica na colección "Terres Hispaniques", Ediciones Mundo Hispánico, *Compostela, la ciudad del Apóstol*, merecendo mención tamén a súa colaboración "Cantos y narraciones en el Camino Francés", incluída no coñecido libro *Santiago en la Historia, la Literatura y el Arte*, publicado en Madrid pola Editora Nacional; o artigo, escrito en colaboración con Antonio

Blanco Freijeiro, “Nuevas joyas prehistóricas gallegas. El Tesoro Bedoya”, aparecido en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, e o catálogo da exposición *Jenaro Pérez Villamil (1807-1854)*, promovida polo Museo de Pontevedra. É ano, igualmente, de moitas e moi importantes conferencias, tanto en España (Universidades de Salamanca –cinco leccións sobre Cervantes– e Barcelona –tres leccións sobre lírica medieval–) como no estranxeiro (Biblioteca Española de París).

## 1955

Participa na elaboración dos estatutos do Centro de Estudos Xacobeos, unha iniciativa promovida inicialmente polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas en colaboración coa Arquidiócese de Santiago, que acabará sendo a única responsable do organismo. Publica con Álvaro d’Ors o tomo III, correspondente á provincia de Pontevedra, do *Corpus de inscripciones romanas de Galicia*, edición conxunta do Museo de Pontevedra e do Instituto “Padre Sarmiento” de Estudios Gallegos, e con Alfredo García Alén, neste caso na revista *El Museo de Pontevedra*, as “Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra”, un tipo de entrega que, coa provisión paulatina de novos datos, será habitual en anos sucesivos. Pronuncia na Universidade Internacional de Santander, no mes de agosto e no marco dunha reunión de profesores de lingua española e literatura, tres leccións sobre “Psicología aplicada y enseñanza del lenguaje”.

## 1956

Ascende á cuarta categoría na escala de catedráticos de Instituto de Ensino Medio, recibindo o de Pontevedra este ano, en atención ao exemplar labor pedagóxico e social que viña desenvolvendo, a consideración de “Centro modelo” por parte do Ministerio de Educación. Participa como relator (“La sobrevivencia de la forma medieval en la poesía popular de Galicia”) no I Congreso de Etnografía e Folklore celebrado en Braga e Viana do Castelo (Portugal) no mes de xuño. Regresará a ese país en xullo (Lisboa) e outubro (O Porto) para pronunciar senllas conferencias sobre lírica medieval. Comezan a se imprimir este ano, por iniciativa súa, os folletos conmemorativos do “Día de la Hispanidad”, un proxecto que non abandonará ata o seu falecemento e que acabará conformando, co título de *Pontevedreses Universales*, unha publicación, editada no ano 2000 pola Deputación Provincial, de imprescindible consulta no seu ámbito temático.

## 1957

Prosegue a súa intensa dedicación ao Instituto de Pontevedra, que se proclama campión nos campionatos nacionais de Educación Física. É tamén o ano no que se comezan a realizar no centro estudos sobre a conduta e carácter dos alumnos, asunto sobre o que publicará artigos e pronunciará conferencias. Participa na I Asamblea Provincial de Turismo, celebrada en Pontevedra, intervindo no segundo relatorio, “Monasterios, castillos y otros monumentos”. Editorial Prensa Española publica en Madrid o seu manual de *Lengua Española. Primer Curso* e ve a luz no Tomo XI da revista *El Museo de Pontevedra* o seu coñecido artigo “Museos y Educación. Alumnos colaboradores. La experiencia de Pontevedra”, tema sobre o que versou o discurso de apertura do curso 1957-1958 no Instituto de Pontevedra e que hai que ponderar polo que de innovación supuxo no panorama museístico español, nos anos

corenta, a creación desta figura de colaborador, vixente aínda hoxe no Museo. Meses antes da citada apertura do curso, no mes de xuño, presentou a Camilo José Cela no Casino Mercantil de Pontevedra.

## 1958

Realiza cun grupo de alumnos unha viaxe por diversos países de Europa como consecuencia da concesión ao Instituto de Pontevedra do "Premio Nacional de Juventudes" polas actividades de acción escolar. Publica en Barcelona, coa Editorial Labor, a súa monografía sobre *Camoens*, libro, reeditado en dúas ocasións e traducido ao portugués (Ed. Almedina, Coimbra, 1981), aínda hoxe de imprescindible consulta. Sobre "Literatura Portuguesa" imparte tres conferencias para preuniversitarios no Ateneo de Madrid e cómpre destacar tamén neste ano a súa participación como relator no Coloquio de Estudos Etnográficos Dr. Leite de Vasconcelos celebrado no Porto no mes de xuño.

## 1959

É nomeado alcalde de Pontevedra. Toma posesión nun acto celebrado o 10 de novembro. Presenta a súa candidatura á concesión do "Premio Camoens". Participa en varios Congresos (A Coruña, Madrid, Braga) e é designado delegado para Galicia do IV Congreso Arqueolóxico Nacional, celebrado en Zaragoza. Publica na colección "Obradoiro", da Editorial de los Bibliófilos Gallegos, a súa monografía sobre *El Tesoro de la Catedral Compostelana* e, en colaboración con Alfredo García Alén, o catálogo da exposición *Iconografía mariana*, preparada polo Museo de Pontevedra no marco das actividades programadas na cidade para conmemorar o IV centenario do peche das bóvedas da Igrexa de Santa María, á que tres anos máis tarde lle concederán o título ou dignidade de Basílica menor. El será quen redacte a acta da solemne dedicación que tal recoñecemento propicia. Actúa como mantedor nos Xogos Florais Universitarios celebrados en Santiago de Compostela.

## 1960

É ratificado como director do Instituto de Pontevedra. Intervén moi activa e directamente na programación e desenvolvemento do "Primer Festival de la Canción Gallega", celebrado en Pontevedra no mes de xullo. É tamén mantedor do "I Certame Literario do Miño", organizado en Lugo. É membro do xurado dos primeiros "Jogos Florais Galaico-Portugueses" programados en Guimarães (Portugal). Publica este ano *Hernán Cortés. Su vida contada a los muchachos de las dos Españas* e o catálogo da exposición que o Museo de Pontevedra lle dedica, poucos días despois do seu falecemento, a Fernando Álvarez de Sotomayor, pronunciando a conferencia inaugural.

## 1961

Participa en Burgos nos actos conmemorativos do XXV aniversario da exaltación de Francisco Franco á Xefatura do Estado. Intervén como conferenciante na sesión académica en homenaxe á memoria de Manuel Quiroga organizada en Pontevedra pola Academia

Provincial de Belas Artes da Coruña. Pronuncia outras conferencias en diversos lugares de Galicia e de España. Merece mención, en particular, a que dita en Madrid, na Fundación Pastor de Estudos Clásicos, sobre “La ría de Pontevedra en la “Segunda Soledad” de Góngora”. Publica o seu manual de *Lengua española. Segundo curso*, impreso en Madrid nos talleres de Prensa Española.

No ámbito municipal, é moi significativa este ano a elaboración dun novo proxecto de ordenanzas, das que corrixe persoalmente os borradores. Recibe a Cruz de Honor de San Raimundo de Peñafort.

## 1962

Ascende á segunda categoría na escala de catedráticos numerarios de Institutos de Segunda Ensinanza. **Comeza a programar no que dirixe Cursos de extensión escolar.** Colabora na organización da primeira reunión de catedráticos de Lingua e Literatura Española, celebrada en Madrid, e participa, en Zaragoza, na I Asemblea de Institutos de Cultura das Deputacións Provinciais. Como alcalde, introduce novas normas para o desenvolvemento da actividade cotiá dos funcionarios. Neste ano consolídase en Lourizán, tras unha longa e pouco clara tramitación administrativa que se iniciou en tempos do seu antecesor na Alcaldía, Juan Argenti, a factoría da Empresa Nacional de Celulosas.

Intervén nas Cortes nas discusións sobre a lei de compilación do Dereito Civil Foral de Galicia. Non é ano de moitas e/ou extensas publicacións. Ven a luz, con todo, artigos sobre figuras habituais no seu labor investigador (Rosalía, Frei Martín Sarmiento) e unha colaboración sobre “Temas españoles en las tablitas sienesas de la Biccherna”, na daquela nova pero xa prestixiosa revista *Goya*. Pronuncia unha conferencia en torno a “Valle-Inclán, su tierra y su linaje”, no transcurso dunha homenaxe universitaria que lle tributan na Facultade de Dereito compostelá, e dita sete leccións sobre "Lírica española del Siglo de Oro" nos Cursos de verán da mesma Universidade.

## 1963

Intervén nas Cortes Españolas, na Comisión de Información y Turismo, nos debates sobre o proxecto de lei de zonas e centros de interese turístico nacional. Participa tamén na elaboración dos estatutos do Instituto de Orientación y Asistencia Técnicas de Galicia. É nomeado membro do Consello Económico Sindical Provincial de Pontevedra e participa posteriormente, no marco do Consello Económico Sindical do Noroeste, na comisión de Ensino e Formacións Profesionais e na de Ordenación e Defensa do Medio Ambiente. Asume persoalmente as xestións encamiñadas á declaración, por parte do Ministerio de Información y Turismo, da Festa de San Benitiño de Lérez, en Pontevedra, como de interese turístico. Tafisa, unha das empresas de referencia da cidade, amplía este ano considerablemente as súas instalacións. Publica, en colaboración con Antonio Blanco Freijeiro e en *Noticario Arqueológico Hispánico*, un detallado artigo sobre as “Excavaciones de La Lanzada” e aparece este ano tamén a súa utilísima recompilación *Pontevedra y el mar. Textos para la antología de una tradición*, utilizada como complemento da exposición do mesmo título, inaugurada no Museo Naval de Madrid, o 4 de xuño, cunha conferencia súa. Días antes, o 17 de maio e co gallo do Día das Letras Galegas, instaurado daquela por iniciativa da Real Academia Galega, a proposta de Francisco Fernández del Riego, ditara outra no Círculo

Mercantil de Vigo sobre "Rosalía: "Os Cantares Galegos"", obra da que precisamente se conmemoraba o centenario da súa publicación, feito que inspirara a celebración festiva.

Pola súa transcendencia para a proxección da cidade, non pode silenciarse que neste ano o Pontevedra, C.F., ascende por primeira vez á División de Honra do fútbol español.

## 1964

Constitúese, o 2 de febreiro, a nova Corporación municipal pontevedresa, á fronte da cal segue figurando como alcalde. Realiza a súa primeira viaxe a Arxentina. En calidade de primeiro mandatario da cidade recibe, entre outras personalidades, á raíña de Bélxica, Fabiola, ao ministro de Información y Turismo, Manuel Fraga Iribarne, ou ao eximio poeta Vicente Aleixandre. Nas Cortes Españolas, na Comisión de Educación Nacional, intervén activamente nas discusións sobre a lei de reforma dos ensinos técnicos. Concédennlle a Gran Cruz do Mérito Civil. Publica *Arte Literario. Lengua española*, un novo manual, neste caso para cuarto de bacharelato. É autor tamén do libro dedicado a Pontevedra na serie titulada "España en Paz" e da introdución e selección de poemas dun libro sobre Rosalía de Castro, en inglés, publicado polo Ministerio de Asuntos Exteriores. Dita dous cursos, un sobre literatura galega do século XIX (tres leccións), no Instituto de Pontevedra, e outro sobre lírica do Século de Ouro (oito leccións) na Universidade de Santiago. Participa así mesmo, cun relatorio sobre "Los Centros de Investigación y las Corporaciones Locales", no Coloquio sobre "Estudios e Investigaciones Locales", organizado en Madrid polo Patronato "José María Quadrado".

## 1965

É ano de importantes iniciativas no ámbito municipal (urbanización do Campo do Boi e da Xunqueira, concurso de ideas e anteproxectos para a ordenación da zona turística do Lérez, etc.), algunhas relacionadas coa celebración dun Ano Santo Compostelán (edicto sobre ornato e limpeza con tal motivo, proxecto de edición dun cartel publicitario do Camiño Portugués de Santiago, ruta na que está Pontevedra, etc.). Como alcalde, recibe de novo a visita de numerosas personalidades, destacando a do daquela Xefe do Estado, Francisco Franco. Nas Cortes Españolas volve a participar nas discusións sobre a lei de educación.

Polo que respecta ao Instituto, do que continúa sendo director, cómpre destacar neste ano tres actividades: a súa presenza nun popular concurso televisivo, "Cesta y Puntos", a realización dunha excursión dos Cantores polo Camiño de Santiago e a programación dun Curso de Formación Cinematográfica.

É tamén ano destacado no Museo de Pontevedra, pois no seu tramo final conclúen os traballos de construción do Edificio "Fernández López", que entrará en funcionamento no transcurso do ano 1966.

Participa como relator, entre outras reunións, na III Semana de Estudios Medievales de Estella e no III Congreso da Emigración Española a Ultramar, celebrado en Santiago de Compostela. Recibe a "Medaglia Culturale d'Argento", concedida polo Ministerio italiano de Asuntos Exteriores. Publica, na colección "Cuadernos de Arte Gallego", promovida por Ediciones Castrelos, o seu coñecido estudo sobre *Azabachería* e prepara para o Instituto "Padre Sarmiento" de Estudios Gallegos o catálogo da exposición sobre *La Venera*.

## 1966

É nomeado vogal da Comisión Delegada en Santiago da Junta de Calificación, Valoración y Exportación de Obras de Importancia Histórica o Artística. Participa, na súa calidade de alcalde de Pontevedra, na viaxe realizada entre o 28 de maio e o 6 de xuño por unha "Misión Gallega" á Bretaña francesa. Intervén como relator en varias reunións científicas, entre elas o Congreso celebrado en Braga (Portugal) para conmemorar o XIII Centenario de San Frutuoso, no cal ditou a lección de clausura sobre "Las traslaciones de las reliquias de San Fructuoso". É tamén o ano do centenario do nacemento de Ramón del Valle-Inclán, un dos seus escritores preferidos, sobre quen pronuncia varias conferencias e publica un dos seus máis coñecidos artigos: "Las jarchas gallegas de Valle-Inclán", incluído en *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

## 1967

É elixido procurador en Cortes polo terzo de representación familiar nas eleccións celebradas o 10 de outubro. Desenvolve unha intensa actividade como alcalde e cómpre destacar a organización dunha nova viaxe á cidade de Francisco Franco, a concesión do título de Fillo Predilecto a Pío Cabanillas e, no ámbito urbanístico, a separación do municipio pontevedrés da parroquia de Estribela, incorporada ao veciño de Marín. É nomeado vicepresidente do Patronato "José M<sup>a</sup>. Quadrado", conselleiro do "Diego Saavedra Fajardo" e correspondente da Real Academia de Bellas Artes y Buenas Letras "Vélez de Guevara" de Écija (Sevilla). Reforma e amplía a súa casa, un edificio no que aínda se conservan vestixios moi significativos da súa primeira campaña construtiva, que data do século XIV. É ano de moitas e importantes publicacións e conferencias, destacando en ambos campos as relacionadas co arcebispo Lago González, unha das figuras eminentes da Igrexa galega na etapa final do século XIX e primeiro cuarto do XX.

## 1968

Cesa como alcalde de Pontevedra, por petición propia, o 10 de xuño. Tres días antes, o Pleno municipal, presidido por Augusto García Sánchez como máximo mandatario en funcións, concédelle por unanimidade a Medalla de Ouro da Cidade, distinción que lle será entregada o 20 de xaneiro, festividade de San Sebastián, o seu patrón. Nas Cortes españolas intervén nas discusións previas á aprobación do II Plan de Desenvolvemento Económico e Local.

Ponse en funcionamento no mes de outubro, coincidindo co inicio do curso escolar, o novo Instituto masculino de Pontevedra.

É nomeado correspondente da Real Academia de Ciencias, Bellas Letras y Nobles Artes de Córdoba. Pronuncia a conferencia de apertura ("Las instituciones de cultura y la vida local") da III Asemblea de Institucións de Cultura das Deputacións Provinciais, celebrada en Barcelona, e participa tamén no I Congreso Nacional de Artes y Costumbres Populares, desenvolvido en Zaragoza, e nas primeiras Jornadas Migratorias Gallegas a Europa, celebradas en Ourense. De entre as súas publicacións, xunto ao estudo sobre a ascendencia pontevedresa de Luís de Camoens, recollido no folleto anual conmemorativo do "Día de la



Hispanidad", hai que destacar a publicación en *Grial*, traducido por el ao galego, do afamado "Vía Crucis" de Paul Claudel.

## 1969

Renova como director do Instituto de Pontevedra. É nomeado comisario provincial de Belas Artes e recibe a Gran Cruz da Orde do Mérito Militar. Participa como relator ("Toponimia regional bilingüe: Galicia") nun coloquio sobre Toponimia Cartográfica organizado en Madrid pola "Asociación Española para el Progreso de las Ciencias". Forma parte do "Comité Permanente para el Estudio del Gallego en la Enseñanza" creado no seo do Instituto "Padre Sarmiento" de Estudios Gallegos.

No ámbito da creación literaria publica o seu *Cancioneiriño novo de Compostela* (Ed. Castrelos, Vigo) e, no número 21 de *Grial*, o "Aucto de como Santa María foi levada aos ceos para a festa de Nosa Señora de Agosto. Refeito con textos galegos dous séculos da Edade Media". Polo que supón de achega ás orixes da iconografía e culto da Virxe Peregrina, tan importante na vida da cidade de Pontevedra dende o século XVIII, non se pode esquecer que neste ano publica en *El Museo de Pontevedra* un artigo sobre "La Pèlerine de Grace", clave por permitir levar aos anos iniciais do século XVI a vinculación a Santiago de Compostela da advocación e iconografía de referencia. É tamén un ano de importantes iniciativas relacionadas co almirante Méndez Núñez ao celebrarse o centenario do seu falecemento.

## 1970

Intervén de xeito moi activo, nas Cortes Españolas, nos traballos preparatorios da Ley General de Educación, rematada neste ano. Destaca moi especialmente nese marco a súa defensa do bilingüismo.

Dá á imprenta a primeira versión da *Guía breve del Museo de Pontevedra*, aparecendo agora, así mesmo, a súa edición das *Armas y Triunfos de Galicia*, de Felipe de la Gándara, e a recompilación titulada *Historias de Compostela*, un libro no que recolle un nutrido conxunto de densos e innovadores artigos, os máis xa publicados antes (a destacar, entre os inéditos, o segundo, "Gelmírez constructor"), sobre a cidade de Santiago e o culto ao Apóstolo. Destaca tamén este ano a súa intervención na clausura do pleno do Patronato "José M<sup>a</sup>. Quadrado", disertando sobre "El Padre Sarmiento, precursor de los estudios gallegos".

## 1971

Tras o falecemento de Francisco Javier Sánchez Cantón, o seu fraternal amigo, é proposto para a dirección do Instituto "Padre Sarmiento" de Estudios Gallegos, recibindo o nomeamento oficial en 1972. Participa no proceso de creación, no seo da Universidade, do Instituto da Lingua Galega e intervén tamén, xunto con outros académicos, nas discusións/reunións tendentes a propiciar a elaboración dunhas normas que servisen para unificar ortograficamente a lingua galega. É elixido correspondente da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Organiza en Santiago, no Instituto citado, unha importante exposición sobre a Virxe Peregrina. Publica este ano, na Editorial Galaxia e con ilustracións de Castelao, *Quintana Viva*. Será a súa última incursión no campo da creación literaria.

## 1972

Participa como relator (“‘Os Lusíadas’ en si mesmos, como monumento”) na I Reunión Internacional de Camonistas celebrada en Lisboa para conmemorar o IV centenario da publicación da excelsa obra de Luís de Camoens. Colabora igualmente, redactando o prólogo do catálogo, na gran exposición bibliográfica e iconográfica que con idéntico motivo se preparou en Madrid. É tamén o ano do segundo centenario do falecemento de frei Martín Sarmiento, personalidade pola que sentiu fascinación e sobre quen publicou numerosos estudos (conságralle este ano o folleto conmemorativo do "Día de la Hispanidad") e pronunciou múltiples conferencias. Xunto a iso, non se pode deixar de destacar a publicación, promovida pola Editorial de los Bibliófilos Gallegos, do *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, de Ángel del Castillo, un repertorio, de grande utilidade aínda hoxe, do que asumiu a ordenación e para o que redactou a introdución e seleccionou a bibliografía complementaria.

## 1973

Recibe o "Pedrón de Ouro", un dos galardóns de maior prestixio no ámbito cultural galego, e tamén o premio "Galicia Letras", instituído pola Deputación Provincial da Coruña. Participa na fundación do centro rexional asociado da UNED en Pontevedra. Pon en marcha no Museo de Pontevedra, co patrocinio da Fundación Pedro Barrié de la Maza, a "Catalogación Arqueolóxica y Artística de Galicia", un proxecto que afunde as súas raíces nos anos de maior actividade do Seminario de Estudos Galegos, chamado a dirixir iniciativas de investigación e publicacións de capital significación para a cultura galega. Asiste en Santiago ás aínda hoxe ponderadas "Primeras Jornadas de Metodología Aplicada a las Ciencias Históricas" e tamén ás "Primeras Jornadas de Trabajo sobre Bilingüismo". Intervén, así mesmo, nos actos programados en Sevilla polo Patronato “José M<sup>a</sup>. Quadrado” con ocasión da conmemoración do XXV aniversario da súa fundación. No ámbito do Consello Económico Sindical de Galicia, é nomeado presidente do relatorio que se ocupa dos estudos de bacharelato. Viaxa a Italia co Coro de Cantores dos Institutos de Pontevedra.

Publica este ano, por fin, o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, titulado *Da épica na Galicia medieval*, ao que responde, en nome da Corporación, como xa se sinalou no seu momento, Ramón Otero Pedrayo. En relación con esta mesma institución, hai que sinalar que é el o responsable da edición dunha *Escolma de Poesías* de Manuel Lago González, publicada co gallo de lle dedicar a este egrexio prelado o Día das Letras Galegas no ano que nos ocupa. Resulta tamén esclarecedor que o Instituto “Padre Sarmiento” de Estudos Gallegos, baixo a súa dirección, organice unha exposición para conmemorar o cincuentenario da fundación do Seminario de Estudos Galegos. No catálogo da mostra insírese un artigo da súa autoría titulado “O que foi o 'Seminario de Estudos Galegos’”.

## 1974

Publica *Con Rosalía de Castro no seu fogar / Con Rosalía de Castro en su hogar*, obra na que se recolle, actualizada, a introdución que preparara en 1964 para a edición dos poemas da escritora auspiciada polo Consello de Europa e o Ministerio español de Asuntos Exteriores,

engadíndolle unha guía de visita á Casa – Museo situada en Padrón, da que era director, unha antoloxía de poemas e unha selección bibliográfica. Redacta este ano a introdución ou o prólogo de tres importantes publicacións: o *Nobiliario de D. Pedro, Conde de Barcelos, hijo del rey D. Dionis de Portugal*, *O Novo Testamento*, en versión de Avelino Gómez Ledo, as dúas promovidas pola Editorial de los Bibliófilos Gallegos, e o *Cancionero Gallego. Tomo I: Música*, de Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Participa no "IX Curso Superior de Filología Hispana", celebrado en Málaga, pronunciando cinco conferencias sobre "Literatura Medieval Gallega y Portuguesa". Imparte en Pontevedra, promovido pola UNED, un curso de dez leccións sobre "Historia de Galicia". Polo que ten de entrañable, é importante sinalar que presentou no Liceo Casino de Pontevedra, o 29 de abril, a Guillermo Díaz-Plaja, o seu compañeiro de oposición á Cátedra de Lingua e Literatura Española de Instituto de Ensino Medio no ano 1935.

## 1975

É nomeado correspondente da Real Academia de Bellas Artes de Santa Isabel de Hungría, de Sevilla, e da de San Telmo de Málaga. Intervén moi directamente nos traballos de rehabilitación que se levan a cabo na Capela da Virxe Peregrina, en Pontevedra. Viaxa a Londres, onde coincide co seu antigo alumno do Instituto de Lugo, Manuel Fraga Iribarne, daquela Embaixador de España. Publica na revista do Museo un extenso e ben documentado estudo sobre "El Corpus Viejo en Pontevedra" e redacta tamén o prólogo para a edición de *Teatro de Máscaras*, de Ramón Otero Pedrayo. Participa, como conferenciante, na "XIII Reunión de los Amigos del Camino de Santiago", en Estella (Navarra). En Pontevedra, promovido pola UNED, dita un curso de seis leccións sobre "Historia de la Literatura Gallega".

## 1976

Xubíbase como catedrático de instituto, recibindo con tal motivo unha multitudinaria homenaxe, iniciada cun acto académico no Salón de Actos do Centro, hoxe Instituto "Sánchez Cantón", no que pronunciou un sentido discurso o daquela decano da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago, José Antonio Souto Paz. Froito dese ambiente é a publicación do libro, preparado por Xosé Fuentes, *Bibliografía, Cursos, Conferencias y Currículo de José Filgueira Valverde*, indicando na cuberta que se trata dunha "Homenaxe dos seus discípulos".

Recibe a Medalla de Ouro da Provincia de Pontevedra. Participa na fundación do Museo do Pobo Galego, de cuxo Padroado chegará a ser vicepresidente.

Publica a "Introducción histórica" no tomo dedicado a *Galicia* da Colección "Tierras de España", unha iniciativa da Fundación Juan March materializada pola Editorial Noguer, e cómpre destacar, así mesmo, entre as numerosas publicacións que ven a luz este ano, dúas relacionadas con Castelao ("Castelao escenógrafo. Os decorados da Polifónica de Pontevedra", artigo incluído no *Boletín da Real Academia Galega*, e o "Prólogo" a *175 dibuxos de Castelao*, da Caixa de Aforros de Santiago de Compostela), o folleto do "Día de la Hispanidad", dedicado nesta ocasión a *Pai Gomes de Soutomaior*, e o artigo sobre "La materia carolingia en los 'Cancioneiros gallego-portugueses'", resultante da súa intervención o

ano anterior na "Semana de Estudios Medievales" de Estella. Polo que se dirá respecto diso máis adiante, convén sinalar que comeza a publicar este ano en *Faro de Vigo* as súas glosas xenericamente tituladas "Adral".

Dita este ano a segunda parte –seis leccións– do "Curso de Historia de la Literatura Gallega", promovido polo Centro da UNED en Pontevedra. Destaca tamén a súa participación como relator, ocupándose da etapa barroca, no curso organizado en Santiago pola Caixa de Aforros para conmemorar o IX Centenario do comezo das obras da catedral románica.

## 1977

É nomeado director honorario do Instituto "Sánchez Cantón". Recibe, nun solemne acto celebrado na Deputación o 15 de setembro, a Medalla de Ouro da Provincia. Inaugúrase no Museo de Pontevedra a primeira ampliación do Edificio "Fernández López". Publica o catálogo da exposición *Castelao e os Estudios Galegos*, promovida dous anos antes, para conmemorar o vinte e cinco aniversario da súa morte e o cincuentenario do seu ingreso no Seminario, polo Instituto "Padre Sarmiento" de Estudios Gallegos. Prepara tamén a edición, acometida conxuntamente polo Museo de Pontevedra, onde se custodia o manuscrito orixinal, e a Editorial Galaxia, do *Diario 1921* de Castelao. Pronuncia o "Pregón" da Festa do Albariño, en Cambados, e dita as conferencias de apertura do curso da Escola Náutico Pesqueira de Vigo ("Las ordenanzas de Pesca de la Ría de Vigo en 1573") e no Centro Asociado da UNED en Pontevedra ("As festas do tempo nos Cancioneiros galego-portugueses"). Publícase en Valencia *Sobre lírica medieval gallega y sus perduraciones*, libro no que se reúnen catro traballos sobre a materia.

## 1978

É elixido presidente da Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra, unha institución coa que tiña unha moi estreita relación dende a súa xa afastada creación en 1925, e nomeado vicepresidente da Comisión de Obras Sociais da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra. Participa no VIII Congreso da "Societé Rencesvals", celebrado en Pamplona e Santiago de Compostela, pronunciando nesta cidade unha conferencia–concerto, acompañado pola Sociedad Coral Polifónica, titulada "Sobre música medieval gallega". Intervén tamén no acto programado polo Patronato Rosalía de Castro, na Casa-Museo da Matanza (Padrón, A Coruña), co gallo da visita, o 29 de agosto, do presidente da Federación de Sociedades Galegas. Publica unha nova monografía sobre *Sargadelos*, incluída na Colección "Cuadernos do Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos", e redacta o prólogo á edición facsimilar de *Terra de Melide*, a magna iniciativa do Seminario de Estudos Galegos, a quen Edicións do Castro rende así homenaxe.

## 1979

Concédenlle a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes. Consolida a súa relación coa Fundación Pedro Barrié de la Maza promovendo, no caso do Museo de Pontevedra, a sinatura dun convenio de colaboración para a realización da "Catalogación Arqueolóxica y Artística de Galicia" e, no caso do Instituto "Padre Sarmiento" de Estudios Gallegos, para a publicación da colección "Galicia Histórica". Intervén na creación do Premio Nacional de Xornalismo

“Julio Camba”, auspiciado pola Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, do xurado do cal é nomeado presidente. Implicase, no seo da Real Academia Galega, nos debates que posibilitaron que por parte do Estado se regulase a incorporación da lingua galega ao Sistema Educativo de Galicia. Asiste como relator á "Primera Reunión Gallega de Estudos Clásicos", celebrada en Santiago e Pontevedra.

Dúas importantes publicacións ven a luz este ano. Por unha banda, o volume I de *Adral*, recompilación de artigos de temática moi dispar, mostra da súa enorme erudición, publicados en *Faro de Vigo*. Por outra, a edición, promovida por EDILÁN, do manuscrito escurialense das *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio, o “Códice Rico”, proxecto no que se ocupa da introdución histórico-crítica, a transcripción, a versión castelá e os comentarios, e o repertorio bibliográfico. Imparte no Museo de Pontevedra, como resultado dun convenio asinado co Centro Rexional Asociado da UNED, un curso (cinco leccións) sobre "Artesanía y Artes Industriales de Galicia".

## 1980

Comeza a gozar do Premio Vitalicio da Fundación Pedro Barrié de la Maza, concedido a finais do ano anterior. Intervén na creación da Editorial Atlántico, da que é nomeado presidente. Participa nas reunións da Real Academia Galega nas que, dando continuidade a tarefas do ano anterior, se debate sobre a elaboración dunhas novas normas para a fixación do idioma galego. Viaxa por primeira vez a Venezuela. Prepara *Afonso X e Galicia. E unha escolma de Cantigas*, obra publicada pola Real Academia Galega co gallo da dedicación ao monarca “Sabio” do Día das Letras Galegas. Pronuncia en Vigo, na sede central da Caixa de Aforros Municipal, a conferencia inaugural do ciclo complementario da exposición *Plástica Gallega*. Intervén como relator nos Coloquios sobre Camoens celebrados en Santiago e Pontevedra, promovidos pola Universidade Internacional “Menéndez Pelayo”, e Coimbra (Portugal), este organizado pola Sociedade Internacional de Camonistas. Ten unha relevante presenza tamén no Coloquio Científico Internacional sobre "Tradición, actualidade e futuro da lingua galega", celebrado na Universidade de Trier (Alemaña).

## 1981

Toma posesión como numerario da Real Academia de la Historia. Versou o seu discurso de ingreso, pronunciado o 14 de xuño, sobre *Ideas y sistema de la Historia en el P. Sarmiento*. Respondeulle en nome da Corporación o seu antigo discípulo Antonio Blanco Freijeiro. Participa na 4ª Reunión de Asociacións de Hispania Nostra, celebrada no Pazo de Mariñán (A Coruña). Intervén moi activamente na etapa final do proceso de constitución da Confederación Española de Centros de Estudos Locais (CECEL), organismo, sucesor do Patronato “José M<sup>a</sup> Quadrado”, adscrito tamén ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), que lle rende homenaxe no transcurso da Asemblea Plenaria celebrada en Badaxoz.

É ano de moitas e importantes publicacións. Destacan, por unha banda, o *Segundo Adral*, recompilación de artigos aparecidos nesta ocasión, como sucederá tamén nas sucesivas entregas da serie, en xornais e revistas diversos, e, por outra, a monografía sobre *Fray Martín Sarmiento*, editada polo Banco del Noroeste na colección "Hombres que hicieron Galicia", e as colaboracións sobre “La escultura gallega del Barroco a la Postguerra” e “Las Artes

Menores”, incluídas no Tomo V de *Galicia Eterna*, ata daquela promovida por Edicións Nauta, de Barcelona, o máis ambicioso proxecto editorial, culminado, sobre Historia, Arte e Cultura de Galicia.

Inaugúrase este ano a primeira fase da rehabilitación do que dende ese momento se denomina Edificio “Sarmiento”, o vello colexio que os xesuítas posuíron en Pontevedra, cedido pola Deputación Provincial ao Museo, practicamente na súa totalidade, para a instalación de obradoiros e salas de exposición temporal e permanente. Na súa apertura presentouse a colección de estampas de Goya (as catro grandes series) pertencentes á Fundación Juan March.

Pronuncia o Pregón das Festas do Apóstolo, en Santiago, participando tamén en diversos coloquios, particularmente nos programados en Pontevedra pola Universidade Internacional “Menéndez Pelayo”. É nomeado correspondente da Hispanic Society of America, con sede en Nova York.

## 1982

É nomeado conselleiro, adxunto á Presidencia da Xunta de Galicia para a Cultura, no primeiro Goberno autonómico galego, presidido por Xerardo Fernández Albor. Pon en marcha daquela, entre outras, dúas importantes iniciativas: a creación dun Consello Asesor da Cultura Galega, cuxa actividade, iniciada simbolicamente o 17 de maio, culminará en 1983 coa creación do Consello da Cultura Galega, e a fixación das normas básicas de aplicación para a unidade ortográfica e morfolóxica da lingua galega. Promove tamén, coincidindo coa visita do papa Xoán Paulo II a Compostela, unha Reunión de Intelectuais Europeístas sobre o Camiño de Santiago, considerada por todos os especialistas como un fito de capital significación para o desenvolvemento de propostas de todo tipo con el relacionadas.

Malia os múltiples compromisos xerados pola dedicación ao seu novo cargo, non abandona a investigación. Segue, pois, publicando (destaca o folleto conmemorativo do "Día de la Hispanidad", dedicado a *El Almirante pontevedrés Enrique McDonnel y de Gondé (1753-1823)*, pronunciando conferencias (Luís Amado Carballo, protagonista do Día das Letras Galegas, será un dos referentes este ano) e participando como relator en reunións científicas (resulta especialmente interesante a súa intervención, "Os estudos da poesía tradicional en Galicia", no Coloquio de Antropoloxía celebrado no Museo do Pobo Galego, en Santiago). Presenta no Teatro Rosalía de Castro, na Coruña, a estrea da Cantata *Cantigas de mar in modo antico*, musicada por Rogelio Groba.

## 1983

Culmina con éxito a elaboración da Lei do Consello da Cultura Galega, publicada no *Diario Oficial de Galicia* o 9 de agosto. Formará parte del, como personalidade relevante, dende a súa constitución formal, acaecida o 7 de decembro. Antes, no mes de setembro, cesara como conselleiro de Cultura. En calidade de tal, en xullo, viaxara a Arxentina e Uruguai.

Participa na creación da Fundación Alfredo Brañas, da que será o seu primeiro presidente. Constitúe a Fundación Filgueira Valverde. A súa actividade, tras a aprobación regulamentaria dos Estatutos, comezará a desenvolverse en 1984.

Intervén como relator, entre outras reunións, no "Coloquio sobre a confluencia das culturas medievais na Península Ibérica", celebrado en Madrid. Das súas publicacións destaca este ano, no que ve a luz a tradución ao portugués do seu estudo sobre *Camoens*, a súa colaboración na monografía que as Deputacións da Coruña e Pontevedra lle dedican ao escultor José María Acuña.

## 1984

Participa nas tarefas preparatorias da creación da Fundación Castelao. Inaugúranse as salas de exposición permanente do Edificio "Sarmiento" do Museo de Pontevedra. Recibe a Medalla Castelao, concedida pola Xunta de Galicia, e é nomeado vocal da súa Comisión de Toponimia.

Publica o seu *Terceiro Adral*, un importante estudo sobre "La proyección de Camoens en las letras hispanas", incluído nun libro colectivo auspiciado pola Academia de Ciencias de Lisboa, e a monografía que, co gallo do Día das Letras Galegas, a Real Academia Galega lle consagra ao seu mestre, Armando Cotarelo Valledor (1879-1950). Redacta tamén unha extensa "Introducción a la Pintura Gallega" para o catálogo da exposición que o Instituto de Cooperación Iberoamericana organizou no Museo Nacional de Bellas Artes de Bos Aires (Arxentina).

É ano, así mesmo, de participación en numerosas reunións científicas. Destacan as súas intervencións no Coloquio organizado na Universidade de Barcelona na honra de Martín de Riquer; no "Congreso de Estudios sobre Alfonso X" celebrado en Toledo con ocasión do VII centenario do seu falecemento; no Coloquio sobre novelística de Valle-Inclán preparado pola Universidade de Santiago; no Seminario conmemorativo do VII Centenario do Foral de Caminha, ou no Coloquio promovido polo Museo do Pobo Galego, en Santiago, en memoria de Antón Losada Diéguez ao facerse o primeiro centenario do seu nacemento.

## 1985

Forma parte do xurado do Premio Nacional de Literatura, convocado polo Ministerio de Cultura. Participa moi activamente, en canto membro do Comité Científico Internacional, nos traballos preparatorios da exposición *Santiago de Compostela: 1.000 Ans de Pèlerinage Européen*, incluída na programación de Europalia 85 - España, contribuíndo ao seu catálogo cun texto sobre poesía e teatro do Camiño e a redacción de varias fichas. Publícase a edición que sobre o Códice Rico das Cantigas de Santa María preparou para a Editorial Castalia. Elabora a monografía que lle consagra a Antón Losada Diéguez, no Día das Letras Galegas, a Real Academia Galega. Sobre el disertará en repetidas ocasións, do mesmo xeito que sobre Rosalía de Castro, da que se conmemora este ano o centenario do seu falecemento. Unha destas intervencións será a conferencia de clausura do Coloquio sobre a escritora programado pola Graduate School da Universidade de Nova York.

A Deputación Provincial de Pontevedra recompila en dous volumes, co título de *Pontevedreses Universales*, os folletos que dende 1956 vén publicando con motivo do "Día de la Hispanidad".

## 1986

Renuncia á Dirección do Museo de Pontevedra, do que é nomeado director emérito e patrón honorario. Recibe o Premio “Otero Pedrayo”. Intervén moi directamente nas diversas iniciativas que se organizan tanto en Galicia como fóra da Comunidade para conmemorar o Centenario do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. O mesmo acontece con Valle-Inclán, de cuxo falecemento se fan nese momento cincuenta anos. Sobre ambos publica artigos no número da revista que lles consagrou o Museo de Pontevedra.

Proponse a súa candidatura á concesión do Premio “Príncipe de Asturias” das Letras. Polo que de innovador supuxo a súa organización, debe resaltarse a súa intervención como relator (“La Sociedad Arqueológica de Pontevedra y la catalogación de la gliptografía gallega”) no V Coloquio Internacional de Gliptografía, celebrado no Mosteiro de Poio (Pontevedra) e organizado polo Museo de Pontevedra en colaboración co Centro Internacional de Investigacións Gliptográficas.

## 1987

É nomeado correspondente da Reial Academia Catalana de Belles Arts de Sant Jordi. Publica o seu *Cuarto Adral*, dedicado integramente a Castelao. Sae da imprenta o seu libro, escrito en colaboración con Xosé Ramón y Fernández-Oxea, sobre *Baldaqinos Gallegos*, unha posta ao día do artigo que ao mesmo asunto lle consagraron en *Arquivos* en 1930. Ven agora tamén a luz a súa evocación de Don Casto Sampedro, editada polo Concello de Redondela, o seu estudo sobre *Alfonso X, poeta profano*, resultante da conferencia pronunciada en Madrid, no Instituto de España, na inauguración do curso académico 1984-1985, e a *Guía del Museo de Pontevedra* editada por Everest. Participa con G. Tavani e X. Alonso Montero, no Colexio Universitario de Vigo e no Museo de Pontevedra, en senllas mesas redondas sobre "Problemas da lírica medieval galega", intervindo así mesmo, entre outros, no Coloquio "Galicia en la Edad Media" (Santiago e Pontevedra, organizado pola Sociedad Española de Estudios Medievales) ou no Simposio "50 Años de Investigación Española" (Madrid, promovido polo CSIC), no primeiro cun relatorio sobre “Vasallaje y amor cortés”, no segundo con outro sobre “La Comisión de Estudios en Galicia de la Junta para Ampliación de Estudios”.

## 1988

Volve ser nomeado polo Ministerio de Cultura, agora por proposta da Real Academia Galega, membro dun xurado, neste caso o encargado de outorgar o Premio Nacional das Letras Españolas. Publica o seu estudo monográfico, resultado de moitos anos de investigación, sobre *La Basílica de Santa María la Mayor de Pontevedra*. Son tamén de grande interese os seus artigos “Sobre a nomenclatura da cantiga peculiar galego-portuguesa: leixaprén, refrán, cossante...”, incluído en *Homenaje a Joseph Piel*, publicado en Tübingen (Alemaña), ou “La resurrección d’une langue: le galicien d’hier à aujourd’hui”, editado polo Institut d’Études Ibériques et Latinoaméricaines de la Sorbonne (París). Dedicalle ao *Dr. Rodríguez González, matemático de Bermés (Bermés, Pontevedra, 1770 - Compostela, 1824)* o seu folleto conmemorativo do "Día de la Hispanidad", unha mostra máis da súa extraordinaria erudición.



Participará moi intensamente nos numerosos actos programados para conmemorar os centenarios do asento dos linteis do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago (o oitavo, 1188-1988) e do nacemento de personalidades tan senlleiras como Domingo Fontán (o segundo, 1788-1988), Ramón Otero Pedrayo (o primeiro, 1888-1988) ou Pedro Barrié de la Maza (tamén o primeiro, 1888-1988).

## 1989

É nomeado membro do xurado encargado de outorgar, nos seus diversos apartados, o Premio Nacional de Tradución. Recibe o Premio “Fernández Latorre”, instituído por La Voz de Galicia, e o anual outorgado pola Sociedade Galega de Ecoloxistas. Estréase en Santiago, o 25 de xullo e nun acto promovido por “Música en Compostela”, institución á que estivo intimamente vinculado dende a súa fundación nos anos cincuenta, *Anxos de Compostela, cantata de cámara “in modo antico”*, con letra súa e música do Mestre Rogelio Groba. Recibe na Real Academia de la Historia o encargo de lle responder, en nome da Corporación, ao discurso de ingreso de José Manuel Pita Andrade.

Aparece o seu *V Adral*. Redacta o texto para o libro *Santiago de Compostela*, publicado, con fotografías de M. G. Vicente, pola Editorial Ir Indo. Presenta a Camilo José Cela, quen uns meses máis tarde recibirá o Premio Nobel de Literatura, no acto inaugural, celebrado no Mosteiro de Poio (Pontevedra), dos Cursos de Verán da Universidade Internacional do Atlántico, promovidos pola Fundación Alfredo Brañas.

## 1990

Recibe o Premio "Trasalba", concedido pola Fundación Otero Pedrayo, e a Medalla de Ouro da Cidade de Santiago, outorgada polo seu Concello. Con tal motivo, a Fundación por el creada publica *Temas santiagueses na bibliografía de Xosé Filgueira Valverde*, obra na que se apuntan 42 libros e folletos, 223 artigos e 116 conferencias e comunicacións, cifras reveladoras da importancia que Santiago e o seu mundo tiveron no seu labor intelectual.

É elixido, o 29 de outubro, Presidente do Consello da Cultura Galega, cargo no que permanecerá ata a súa morte, contribuíndo á súa definitiva consolidación. Participa na creación da Fundación Alexandre Bóveda.

Publica o seu *VI Adral e Con Otero Pedrayo*, libro promovido pola Fundación que leva o nome do ilustre polígrafo, un dos seus mellores amigos. O Coro Universitario de Santiago estrea *Cantata de maio, “in modo antico”*, obra con texto seu musicada de novo por Rogelio Groba. Participa como relator, entre outros, no Simposio de Antropoloxía "Nos lindeiros da Galeguidade", desenvolvido en Villafranca del Bierzo (León), e no "Congreso Internacional da Cultura Galega", celebrado en Santiago.

## 1991

É ano de intensa dedicación ás tarefas programadas polo Consello da Cultura Galega. Como presidente, pronuncia o 11 de xuño, en galego, un memorable discurso ante os Reis no transcurso dun acto organizado no Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval

(Santiago de Compostela). Recibe o nomeamento de Académico de Honra da Real Academia Galega de Belas Artes.

Publica *O Arquivo do Museo de Pontevedra, cunha guía dos seus fondos*, e ve a luz tamén, entre outros, o seu estudo sobre “La cultura gallega en los siglos XII al XV”, fascículos números 19 e 20 da *Historia de Galicia*, dirixida por R. Villares e editada por Faro de Vigo, e o seu ensaio “Sobre Galicia: determinantes e constantes”, incluído no catálogo da exposición, promovida pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, *Imaxes da Arte en Galicia*, inaugurada na sede da Fundación Calouste Gulbenkian, en Lisboa. Prepara para a Real Academia Galega a publicación sobre Álvaro Cunqueiro editada co gallo do Día das Letras Galegas, dedicado a el este ano.

Participa como relator en numerosos congresos e reunións científicas, pronunciando as máis das veces as conferencias de inauguración ou clausura. Cómpre destacar, a este respecto, a súa disertación “Sobre el ‘Misteri d’Elx’, sus precedentes y la temática asuncionista”, na apertura do III Ciclo de Arpa, promovido pola Asociación Ludovisi, pronunciada no Conservatorio de Música de Madrid, e así mesmo a súa intervención, “Temas artísticos en la poesía de Sánchez Cantón”, na sesión pública celebrada en Santiago pola Real Academia de Bellas Artes de San Fernando para honrar a memoria do polígrafo pontevedrés ao celebrarse o centenario do seu nacemento. Imparte un Curso de doutoramento, “Valores estéticos e sociedade na literatura medieval”, na Real Academia Galega de Belas Artes, na Coruña.

## 1992

É nomeado membro da Comisión de Honra na Xunta Directiva da Comisión Internacional de Valleinclanistas, con sede na Brown University (EUA). Vólvese propoñer a súa candidatura á concesión do Premio Príncipe de Asturias das Letras.

Publica o seu *VII Adral* e tamén *Estudios sobre lírica medieval. Traballos dispersos, 1925-1987*, editado por Galaxia con prólogo de Basilio Losada. Participa moi directamente, como nel era habitual, nos actos preparados pola Real Academia Galega con ocasión do Día das Letras Galegas, dedicado este ano a un dos seus entrañables amigos dos tempos do *Seminario de Estudos Galegos*, Fermín Bouza Brey, cuxa obra e personalidade glosa en moi diversas ocasións e lugares. Pronuncia unha conferencia, “América ante dos ilustrados gallegos: Feijoo y Sarmiento”, no marco do “II Congreso de Academias Iberoamericanas de Historia”, celebrado en Madrid, promovido pola Real Academia de la Historia.

## 1993

Recibe, en Madrid, o Premio “Galego do Ano”, concedido pola Enxebre Orde da Vieira.

Publica, como de costume, sobre asuntos moi diversos: lírica medieval, historia, arte, biografía, recordos, etc., case sempre como consecuencia da súa participación en reunións científicas. Como traballos doutro empeño ven a luz este ano *Pontevedra no Camiño das Peregrinacións e Compostela, camino y estela*, libros que cómpre lembrar por condensar neles anos de paixón polas dúas cidades, por antonomasia “as súas cidades”. De entre os congresos nos que intervén, un, á vista da súa traxectoria como investigador, ten unha especial significación: o celebrado na Facultade de Filoloxía de Santiago sobre “O Cantar dos

Trobadores". Outras dúas presenzas públicas deste ano merecen mención detallada: a conferencia que sobre "Pontevedra en el Camino Portugués de las Peregrinaciones" pronuncia no Salón de Plenos da Deputación de Pontevedra con motivo da inauguración da Asemblea Xeral Ordinaria da Confederación Española de Centros de Estudos Locales (CECEL) e a resposta ao discurso de ingreso na Real Academia Galega de Xesús Alonso Montero, acto este celebrado no Instituto "Otero Pedrayo" de Ourense.

## 1994

Participa moi activamente nas reunións que permitiron finalmente que a antiga Colección "Fernández López" se incorporase ao Museo de Pontevedra. Publica o seu *VIII Adral* e a monografía sobre *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)* na Colección "Ilustrados, Sociólogos y Economistas Gallegos", promovida pola Fundación Pedro Barrié de la Maza. Destaca tamén a súa colaboración, "O esplendor medieval", no número monográfico que a revista *Coloquio: Letras*, da Fundación Calouste Gulbenkian, dedica á literatura galega. Intervén, glosando as súas figuras, nas homenaxes que lle tributan, en Madrid, a Jesús Bal y Gay (con carácter póstumo) e a Antonio Bonet Correa, e en Santiago e en Cotobade (Pontevedra) a Antón Fraguas, os tres amigos entrañables e colaboradores en iniciativas de entidade e significación moi dispar.

## 1995

O 8 de maio falece a súa esposa, M<sup>a</sup> Teresa Iglesias de Oscáriz, o seu máis sólido apoio dende que a coñeceu en Lugo nos anos trinta. Non logrará superar a súa desaparición. Recibe da Fundación Premios da Crítica Galicia a súa máis alta distinción: a consideración de "Galego Egrexio". É nomeado xuíz protector da Fundación Benéfica Manuel Ventura Figueroa, de cuxa axuda se beneficiara nos seu anos de estudante, e reelixido presidente do Consello da Cultura Galega.

A conmemoración do terceiro centenario do nacemento do P. Fr. Martín Sarmiento, sobre cuxa vida e obra foi un dos maiores especialistas, centrará boa parte da súa actividade durante o ano. Publica con tal motivo, coa colaboración de M<sup>a</sup> Jesús Fortes Alén, arquivista do Museo de Pontevedra, o seu *Epistolario*, asumindo persoalmente a preparación (selección de obras e textos explicativos) da exposición *Frei Martín Sarmiento e a Galicia do seu tempo*, promovida, como o libro, polo Consello da Cultura Galega, organizador do Congreso Internacional Conmemorativo da efeméride. Nel pronuncia o discurso inaugural: "Sarmiento e Galicia".

O incendio que o 13 de xuño sofre o complexo conventual franciscano de Pontevedra, en cuxa igrexa está sepultado Pai Gómez Chariño, lévao a lle dedicar a este almirante poeta, figura destacada do século XIII, o folleto conmemorativo do "Día de la Hispanidad". Será o último da colección, circunstancia que premonitoriamente comentou ao finalizar a súa intervención no acto público da súa presentación. De grande interese é tamén o artigo, síntese de moitos anos de dedicación á materia, "Artistas portugueses na arquitectura pontevedresa do século XVI", incluído no catálogo da exposición *Do Tardogótico ó Manierismo: as relacións artísticas entre Galicia e Portugal*, auspiciada conxuntamente polas fundacións Pedro Barrié de la Maza e Calouste Gulbenkian.

1996

É investido doutor "Honoris Causa" polas Universidades de Santiago de Compostela e Vigo. Recibe o "Premio das Letras e das Artes de Galicia", a Medalla de Ouro do Centro Rexional Asociado da UNED en Pontevedra e o título de Fillo Predilecto da Cidade de Pontevedra, imponéndolle o seu nome, contravindo os usos municipais pois estaba vivo, a unha rúa de nova apertura.

Malia o seu delicado estado de saúde, participa, o 20 de xuño, na reunión do Patronato do Museo de Pontevedra na que se aproba definitivamente o proxecto de ampliación do Edificio "Fernández López", unha iniciativa, culminada en 2003, desexada dende os anos sesenta. Asiste tamén ao acto de entrega á Entidade, o 25 de xullo e en Santiago, da Medalla de Ouro de Galicia. Non falta tampouco á recepción que a véspera da festividade da Virxe Peregrina, en recordo do día da súa apertura ao público en 1929, ofrece o Museo a patróns, benfeitores e "amigos".

Falece á primeira hora da mañá do venres 13 de setembro. Mes e medio máis tarde, o 28 de outubro, o día en que debía facer 90 anos, a Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra presenta o libro *Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996). Bibliografía. Traballos. Eloxios*, obra, preparada por M<sup>a</sup> Jesús Fortes Alén, que estaba programada para lle render unha gran homenaxe en vida con motivo xustamente do aniversario que se invoca no título.

Con carácter póstumo tamén aparecerán, entre outras publicacións, o IX *Adral* e, promovida pola Deputación Provincial de Pontevedra, a edición de luxo, en tres volumes, do conxunto de folletos, 40, conmemorativos do "Día de la Hispanidad", englobados dende 1986 nunha serie xenericamente denominada "Pontevedreses Universales". Á redacción, con letra trememente e de non fácil lectura, da entrega que se debía presentar o 12 de outubro deste ano, *Corpos Santos*, tema suxerido por recordarse daquela o 750 aniversario do tránsito de Frei Pedro González Telmo, o "Corpo Santo" por excelencia en Galicia, dedicoulle os seus derradeiros esforzos.

JOSÉ CARLOS VALE PÉREZ  
Museo de Pontevedra

(\*).- A redacción desta cronobiografía é debedora do traballo de ordenación e inventario do arquivo persoal de D. Xosé Filgueira Valverde, depositado no Museo de Pontevedra, conforme aos seus desexos, pola Fundación que perpetúa o seu nome e custodia o seu legado, levada a cabo sucesivamente, baixo a dirección de M<sup>a</sup> Jesús Fortes Alén, arquivista do Museo, como xa dixeran, por Elena Díaz del Río, Joaquina Ramilo e Eva Pena Rodríguez.

Polo que respecta á biografía en si, debo sinalar que ten un carácter selectivo, recolléndose en cada ano, xa que logo, tan só os datos máis significativos da fecunda actividade do Prof. Filgueira Valverde.